

R E V I S T A O R A L

O PAZO DAS MUSAS

Nº 0 / 23 de decembro de 2004

Revista oral de periodicidade trimestral

Edita: Museo Provincial de Lugo e Excm. Deputación Provincial de Lugo

Hora: 19 horas.

Lugar: Refectorio do Museo Provincial de Lugo.

Duración aprox.: 1,30 h.

Coordina: Antonio Reigosa

A revista oral *O pazo das musas* nace co obxectivo de ser un foro de actualidade, de opinión e de debate no que poderán participar todos os protagonistas e axentes involucrados na creación, difusión e exposición de bens de interese cultural. Darase acollida a todas as artes, correntes e tendencias, cunha ollada crítica ao presente, ao pasado e ao futuro.

*O Pazo das musas* aspira a ser o espazo onde conflúan os camiños polos que transita a inspiración dos creadores de hoxe en día, un punto de encontro e de reflexión arredor da cultura e da xestión cultural, e pretende, ao mesmo tempo, ser voceiro da sociedade que asume, como ben de interese xeral, o sostemento das institucións comprometidas en preservar e divulgar a nosa cultura.

## SUMARIO

### Portada musical

*Vals nº 2 (Jazz-Suite nº 2)*. D. Shostacovich.

Intérprete: Vazdin Yuknevich (3')

### Prólogo

Presentación da revista *O pazo das musas* por Encarna Lago (5')

### Música

*Exspesión nº 1* (V. Jukhnevich)

Intérprete: Vazdin Yuknevich (2')

### Entrevista

Francisco Nieto entrevista ao artista Ignacio López (15')

### Música

*Val-bostón* (A. Rosenbaum)

Intérprete: Vazdin Yuknevich (2')

### Poesía

*Flores de mentira* por Isidro Novo (3')

### Música

*Musset- Cielo de París* (M. Legrand)

Intérprete: Vazdin Yuknevich (2')

### En profundidade

*Rosario barroco de prata e acibeche* por M<sup>a</sup> del Rosario Fernández (10')

### Música

*(Pachelbel)* Preludio en mi menor.

Intérprete: Vazdin Yuknevich (2')

**Teatro**

Entremés de *O Xuíz dos divorcios* de Miguel de Cervantes. Traducción de Tareixa Campo.

Intérpretes: Cadro de actores do Grupo de Teatro Achádego (15')

O Xuíz: Alberto Pérez

O vello: Antón Sampaio

Mariana: Esther Pedrouzo

O Escribán: Camilo Santos

O Soldado: Suso Meilán

Dona Guiomar: Tareixa Campo

O Cirurxián: Jose Blázquez

Aldonza de Minxaca: Marga Portomeñe

O Ganapán: Andrés Castelo

Músicos: Beatriz Meilán

Mercedes Acevedo

**Música**

*Por una cabeza* (C. Gardel)

Intérprete: Vazdin Yuknevich (2')

**Memoria viva**

*Los Urogallos* por Juan Puchades Quilis (10')

**Música**

*Exspesión nº 2* (V. Jukhnevich)

Intérprete: Vazdin Yuknevich (2')

**Poesía**

*Moto* por Isidro Novo (3')

**Música**

*Adagio* (A. Kachutuvián)

Intérprete: Vazdin Yuknevich (2')

**Para ver**

*Os guerreiros de Shian*, por Gonzalo Henrique Rodríguez Amorín.

*Iconos: A mellor fotografía e cine da George Eastman House*, por Javier Huerga García (5')

**Música**

*Exspesión nº 3* (V. Jukhnevich)

Intérprete: Vazdin Yuknevich (2')

**Opinión**

Intervención libre do público asistente (5')

**Epílogo**

Por Antonio Reigosa (5')

**Contraportada musical**

*Jazz-estandard* (All of me)

Intérprete: Vazdin Yuknevich (3')

**COLABORAN NESTE NÚMERO:****Achádego**

Foi polo mes de outubro do ano 1988 cando recibimos o encargo de facer unha montaxe coa que celebrar o cuadrexésimo aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A obra escollida foi *A dobre historia do doutor Valmy* de Buero Vallejo, unha peza que pola súa temática achegaba ó público, dun xeito descarnado, á terrible experiencia da tortura. Este proxecto fixo que nos xuntáramos un grupo de persoas interesados no teatro.

Nestes dezaseis anos de vida, pasaron por Achádego máis de corenta actores/ actrices, e todos eles deixaron a súa pegada no grupo. Achádego sempre foi e segue a ser un grupo aberto a todas aquelas persoas que coma nós sintan paixón polo teatro e desexen traballar pola cultura e o lecer.

Máis de seiscentas representacións por toda a xeografía galega con públicos dispares e montaxes ben diferentes configuran a historia do grupo. Teatro de rúa como *Os Pelúdez entre nós*, montaxes con textos poéticos de autores galegos, parodias nas semanas de cine de Lugo (*Achádego* foi o derradeiro grupo de teatro que actuou no Gran Teatro); experiencias en vídeo e televisión... textos de Alonso de Santos, Terencio, Guelderode, Sastre, Plauto, Shakespeare, Macchiavelli, Manuel María, Fole...

No mes de Setembro estreamos *Confusión de María Balteira* escrita a petición do grupo por Marica Campo, unha montaxe que ten como valores destacados o carácter poético do texto e a reivindicación da condición feminina.

**Fernández González, M<sup>a</sup> del Rosario**

Nacida en Lugo en 1968, é licenciada en Xeografía e Historia, especialidade de Museoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Desde hai nove anos ocupa praza de responsable da Sección de Artes Decorativas e Etnografía no Museo Provincial de Lugo. Foi comisaria de varias exposicións etnográficas en Italia e Polonia, así como no propio centro de traballo.

**Huerga García, Javier**

Nacín na cidade da Couña en 1974. Son licenciado en Belas Artes, especialidade de pintura, pola Facultade de Pontevedra, e Máster en Creación e Comunicación Dixital pola Universidade da Coruña. Teño participado en mostras colectivas de pintura e gravado. Profesionalmente nos últimos anos estou dedicado a campos coma o deseño gráfico e a animación dixital.

**Lago González, Encarna**

Nacida en Barcelona, instálase definitivamente en Pedrafita do Cebreiro en 1970. Despois de diversas ocupacións comeza a traballar na área de didáctica do Museo Provincial de Lugo en 1991. Desde 1999 ocupa o cargo de Xerente deste museo, tendo como obxectivo e lema da súa xestión *un museo para todos*.

**López, Ignacio**

Nace en Grolos, Guntín (Lugo) en 1959. Realiza estudos no Instituto Masculino de Lugo onde se manifesta a súa inquietude pola pintura e xa participa nalgunha exposición. Duns dez anos para acó retoma o interese pola pintura e asiste a clases con Juan Prada, gradúase na Escola de Artes Aplicadas *Ramón Falcón* de Lugo nas especialidades de gravado e estampación. Na actualidade realiza estudos universitarios na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Forma parte da exposición colectiva de artistas lucenses *Ars Moenia*, participa na Trienal Latina de Le Puy (Francia) con obra na galería Cabrera de La Habana. Foi seleccionado para o Premio de Pintura BMW e actualmente expón na Sala de Exposición da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

**Nieto Rodríguez, Francisco**

Nace en 1954. Aos dezaseis anos comeza a traballar en Radio Popular ata 1995. Formou parte da primeira agrupación de *Fuxan os ventos*. Escribiu artigos e entrevistas en diversos sornáis. É membro do Colexio Oficial de Xornalistas de Galicia. Impartiu charlas e conferencias sobre música galega. Desde hai catro anos dirixe e presenta o programa *Esto me suena* en Radio Lugo da Cadena Ser.

**Novo, Isidro**

Fillo de mariñáns, Isidro Novo naceu en Lugo un día de San Froilán de mediados do século pasado. Di sentirse máis poeta ca narrador, malia que ata o momento na súa produción editada predomina a prosa sobre o verso, disciplina na que ten publicado o libro *Dende unha nada núa*. De relatos son *Carne de can* e *Antollos de Eimarmena*, mentres que novela son títulos seus *Teaza de brétema*, *Por unha presa de machacantes*, *Súa de si* e a recentemente saída do prelo *Rosa lenta*.

**Puchades Quilis, Juan**

Nace en Valencia, onde realiza os seus estudos na Escola Superior de BB: AA. de San Carlos. Tras aprobar unha oposición vén a Mondoñedo en 1960 para tomar posesión da praza de profesor de debuxo no Instituto San Rosendo. O tempo que lle queda libre dedícaa á escultura, utilizando diferentes materiais como a pedra, madeira, bronce, terracota, pero donde máis satisfacción atopa é traballando o ferro, o aceiro-cortén ou combinando aceiro inoxidable e aceiro-cortén; isto permítelle que a partir dunha idea á hora de executala con estes materiais vaian aparecendo formas cheas e espazos baleiros cos que se consegue unha plasticidade que con outros materiais non se logran. Mereceu primeiros premios nos certames *Mestre Mateo* (1971), *Castellón* (1974), *Concurso Exposición Bimilenario de Lugo* (1976) e *III Bienal de Escultura Sarria* (1977).

**Reigosa, Antonio**

Nace en Mondoñedo e traballa no Museo Provincial de Lugo desde 1982. É membro de Chaira, xunto a X. Cuba, M. Salvador e O. Carnero, grupo de investigación etnográfica dedicado a traballos de recompilación, investigación e divulgación de literatura oral coma o recentemente publicado *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín*. O outro tempo dedícallo a escribir libros, uns en colaboración con Xoán R. Cuba e Xosé Miranda coma o *Diccionario dos seres míticos galegos*, *Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral* ou a colección de contos *Cabalo buligán*, e outros en solitario tal que *Memorias dun raposo*, *Resalgario* e *Bacoriño*.

**Rodríguez Amorín, Gonzalo Henrique**

Nacín o 24 de xullo de 1975 en Gondomar, no Lugar do Ripote. Alí estiven até os 22 anos cando rematei Maxisterio. Funme para Santiago onde me licencié en Historia coas especialidades de Prehistoria e Arqueoloxía. Comecei o doutoramento pero deixei ao segundo ano; había que traballar. E traballei en múltiples escavacións e en diferentes oficios até que acabei cun traballo «ora et labora» aquí no Museo Provincial de Lugo.

**Yuknevich, Vazdín**

Naceu en Minsk (Belarus) en 1978. Formouse como músico na súa cidade natal, na Escola de Música Primaria e no Conservatorio Superior, obtendo o título de profesor de acordeón. Mereceu diversos premios como recoñecemento ao seu virtuosismo xa nos seus anos mozos. Profesionalmente foi membro do grupo de folk Shurbalka-Burbalka, da orquestra de instrumentos nacionais da Universidade de Belarus, profesor de acordeón e director de orquestras infantís. Actualmente traballa como profesor na Escola de Música *Cantarela*, do colexio Galén de Lugo, no Conservatorio *Adagio* de Monforte e no colexio Mercedarios de Sarria.